

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E ASOCIACIÓN GALEGA DE ORQUESTRAS E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MÚSICA DE VERBENA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS VERBENAS POPULARES DENTRO DA PROGRAMACIÓN DO XACOBEO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Asociación Galega de Orquestras e a Asociación de empresarios de Música de Verbena o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 1 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Colaborar no financiamento dos gastos derivados daqueles programas ou actividades que promovan o desenvolvemento e a reactivación do sector das orquestras e en concreto, a execución de verbenas, festas populares ou eventos con actuacións de orquestras na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2021 asociadas a calquera das dúas Asociacións asinantes deste convenio, así como todos os gastos correspondentes ás probas piloto, incluídos os de produción e dereitos de autor, para por en marcha as verbenas en Galicia.

Este financiamento por parte da Agadic contribuirá ao desenvolvemento do programa Verbenas Populares que organizan a Asociación Galega de Orquestras e a Asociación de empresarios de Música de Verbena destinado a desenvolver, a lo menos, 50 espectáculos musicais ao aire libre, realizados polas orquestras que pertencen a calquera das dúas asociacións e que terán lugar por diferentes concellos e parroquias de toda a xeografía galega.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación Galega de Orquestras e a Asociación de empresarios de Música de Verbena son as únicas entidades representativas do sector capaces de por en marcha un programa destas características, sobre todo, despois da paralización que supuxo a pandemia da Covid-19 e a reactivación do mesmo necesita a supervisión e o compromiso do tecido asociativo para que esta volta aos escenarios



cumpra cos obxectivos de recuperar unha das tradicións populares máis senlleiras de Galicia como son as verbenas nun contexto seguro e organizado.

A Agadic xulga necesario apoiar esta iniciativa porque permitirá, por unha banda, impulsar o sector empresarial do mundo do espectáculo e movemento cultural para o mantemento do emprego e a xeración de recursos económicos e, por outra banda, revitalizar o tecido social e cultural arredor do ocio e lecer.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

